

# ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por medio da presente Ordenanza, o Concello do Barco propónse regular actividades e comportamentos relativos ao Medio ambiente, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de limpeza de maleza nos terreos e soares, coa finalidade fundamental de evitar o risco de incendios.

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas e actividades que se atopen en funcionamento, exercicio ou uso, no termo municipal do Concello do Barco.

O Concello do Barco dita a presente Ordenanza en función das atribucións que lle recoñece a Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local, a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e o resto da normativa de aplicación.

## TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

### **Artigo 1º.- OBRIGAS DE ROZAS E LIMPEZAS DE TERREOS E SOARES**

- a) A limpeza de soares e outros terreos de propiedade privada, de propiedade das Administracións Públicas ou de calquera dos organismos destas, que se atoparan dentro do termo municipal, se presume obrigación e responsabilidade daquel que figure como suxeito pasivo polos correspondentes soares ou terreos no Padrón do Imposto de Bens Inmóbeles. Asemade, súa será a responsabilidade polas infraccións que puideran cometerse nesta materia. Para destruír esta presunción, será preciso que o suxeito interesado aporte documentación fidedigna que sexa suficiente ao respecto.
- b) De non realizar a correspondente limpeza o obrigado a facelo, o Concello ditará a correspondente orde de execución, e caso de incumprimento da mesma, procederá á súa execución subsidiaria ou á imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros e reiterables. Todo isto, sen prexuízo da imposición das sancións que puideran corresponder.
- c) O cumprimento da obriga de manter limpos os terreos non exime de proceder ao valado dos soares tanto dos núcleos urbanos como do solo de núcleo rural.

### **Artigo 2º.- SOARES OU TERREOS DENTRO DO NÚCLEO URBANO**

Os suxeitos obrigados en relación a soares ou terreos situados no núcleo urbano, e que linden con edificacións de vivenda ou coas vías públicas, deberán mantelos rozados e limpos na súa totalidade, e deberano facer coa periodicidade que sexa necesaria e, en todo caso, cando se aprecie que a maleza existente ten risco de incendio para as vivendas dos veciños. Asemade, deberán proceder ás actuacións de desinfección, desinsectación e desratización que resulten necesarias.

### **Artigo 3.- TERREOS OU SOARES FÓRA DOS NÚCLEOS URBANOS**

Os terreos que estean fora dos núcleos urbanos e que na súa beira haxa vivendas, naves ou outro tipo de edificacións, deberán ser rozados polos obrigados nunha franxa de 50 metro dende o linde da edificación afectada.

### **Artigo 4º.- SOARES OU TERREOS SITUADOS DENTRO OU FÓRA DO NÚCLEO RURAL.**

Os obrigados con respecto a soares ou terreos situados no núcleo rural, e que se atopen nunha franxa de 100 metros, dende a liña do terreo á primeira vivenda, deberanos manter limpos na súa totalidade e deberano facer coa periodicidade que sexa necesaria para que non ofrezca risco de incendio.

Os terreos que se atopen a unha distancia de máis de 100 metros do núcleo rural, e que á súa beira haxa vivendas, naves, etc., deberanos limpar nunha franxa de 50 metros dende o linde do terreo das edificacións.

#### **Artigo 5º.- TERREOS SITUADOS Á BEIRA DE PREDIOS, VIÑAS, LABRADOS, ETC.**

Os terreos que teñan maleza tal como silveiras, toxos, etc., e estean situados á beira de predios de labrado, viñedos, etc., deberán estar rozados e limpos nunha franxa de 20 metros ao linde destes.

#### **Artigo 6º.- DEFINICIÓN DE CONCEPTOS**

Para os efectos desta Ordenanza no que se refire aos terreos, soares, núcleo urbano, núcleo rural..., tanto no que respecta ao ámbito urbano coma ao ámbito rural ou rústico, será de aplicación a definición e aspectos que contempla o Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello do Barco.

#### **Artigo 7º.- XESTIÓN E INSPECCIÓN**

O Concello, a través da Alcaldía ou Concellería en quen delegue, xestionará o cumprimento das actividades reguladas na presente Ordenanza mediante os servizos técnicos municipais.

A vixilancia material e inspección do cumprimento, estará ordinariamente a cargo da Policía Local.

### **TÍTULO II: RÉXIME DISCIPLINARIO**

#### **CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS**

##### **Artigo 8º.- ÓRGANO COMPETENTE PARA SANCIONAR**

1. As sancións polas infraccións tipificadas nesta Ordenanza son competencia do Sr. Alcalde ou do Concelleiro, persoa ou órgano en quen delegue.
2. Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar diante do Concello as infraccións da presente Ordenanza en relación coa materia a que esta se refire.
3. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta Ordenanza, serán esixibles non só polos actos u omisións propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se debe responder.
4. A determinación das infraccións e as súas correspondentes sancións esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionador conforme o sinalado no título IX da Lei 30/92 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, no RD 1398/1993 polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e na presente Ordenanza.

#### **CAPÍTULO II: INFRACCIÓNS**

##### **Artigo 9º.- CONSIDERACIÓNS DAS INFRACCIÓNS**

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta Ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

2. As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

**Artigo 10º.- INFRACCIÓN S LEVES:**

- a) En xeral, o incumprimento dos requisitos, obrigas, e prohibicións establecidas nesta Ordenanza, que non estean recollidos como graves ou moi graves.
- b) Non realizar a roza ou limpeza do terreo ou a franxa de terreo sinalada en metros nesta Ordenanza.

**Artigo 11º.- INFRACCIÓN S GRAVES:**

- a) A reincidencia nas infraccións leves
- b) Non proceder á roza e limpeza de terreos ou soares cando haxa risco inminente de incendio para vivendas e veciños.
- c) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia a inspección dos terreos, no caso de comprobación da denuncia.

**Artigo 12º.- INFRACCIÓN S MOI GRAVES:**

Cando nas infraccións graves concorran ademais algunha das seguintes circunstancias:

- a) A reincidencia nas infraccións graves.
- b) Malicia ou intencionalidade.
- c) Irreversibilidade do dano causado.
- d) Grave repercusión nos recursos naturais ou deterioro destes.

**CAPÍTULO III: SANCIÓN S**

**Artigo 13º.- CONTÍA DAS SANCIÓN S**

1.- Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil as sancións correspondentes ás infraccións da presente Ordenanza, serán as seguintes:

- a) INFRACCIÓN S LEVES . . . . . multa dende 60 ata 750 euros
- b) INFRACCIÓN S GRAVES. . . . . multa dende 751 ata 1.500 euros
- c) INFRACCIÓN S MOI GRAVES....multa dende 1.501 ata 3.000 euros

**Artigo 14º. –GRADACIÓN DAS SANCIÓN S**

1. Para determinar a contía das sancións atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que as motivaron, tales como a natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que motivadamente se podan considerar como atenuantes ou agravantes.
2. Será considerado reincidente quen incorrese en infraccións de igual ou superior grao, e sobre as que recaese unha resolución nos 12 meses anteriores á comisión da nova infracción.

**Disposición adicional única**

O establecido na presente Ordenanza enténdese sen prexuízo das actuacións que correspondan a outros organismos da Administración dentro das súas respectivas competencias.

**Disposición derradeira**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia (BOP), e transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local.